

# Localización dunha necropole mixta (inhumación, cremación) no casco antigo de Rianxo.

VÍCTOR J. BARBEITO POSE

Técnico-arqueólogo do Centro Arqueolóxico do Barbanza

Recibido en Febreiro de 2012

Aceptado en Abril 2012

## RESUMO

Preséntanse os resultados dunha intervención arqueolóxica no casco urbano de Rianxo (A Coruña), onde se localizou unha parcela con sete fases de ocupación. O xacemento correspóndese cunha necrópole mixta de incineración/creación e inhumación. A alta concentración de enterramentos nun espazo tan reducido acompañado dos restos dunha estrutura arquitectónica fai sospeitar da existencia dun antigo mausoleo ou similar.

## Palabras chave

Rianxo, necrópole, incineración, inhumación, mausoleo.

## ABSTRACT

*We present the results of an archaeological excavation in the town of Rianxo (A Coruña), where a plot was located seven phases of occupation. The site corresponds to a mixed-cemetery of cremation, cremation and burial. The high concentration of burial in a small space together with the remains of an architectural structure to suspect the existence of an ancient-mausoleum or similar.*

## Key words

*Rianxo, burial, incineration, mausoleum.*

## ANTECEDENTES HISTÓRICOS E ARQUEOLÓXICOS

As testemuñas históricas do termo municipal de Rianxo podemos fixalas coa presenza de varias estelas funerarias, todas elas fóra do casco urbano de Rianxo. Localizouse unha en Araño en 1907 no lugar de Noiados datada no século III d.C, que se atopa no Museo de Pontevedra e onde aparece representado o nome de Corialis. Outra preto da igrexa parroquial de San Salvador de Taragoña depositada no Centro Arqueolóxico do Barbanza datada entre os séculos III e IV. Asemade, tamén foron recuperados restos de cultura material de adscripción romana como as ánforas do río Ulla, entre outras. Máis discutible, pero reseñable igualmente, é a existencia dalgunhas referencias a unha posible vía romana, en concreto sinálase a posibilidade de que sexa a *per loca marítima* que atravesaría o termo municipal dende a Vacariza (río Ulla) dirixírase ao lugar da Marquesa na parroquia de Asados, e dende alí a Té e Cartomil (Taragoña) pero estas referencias carecen polo momento de datos arqueolóxicos que permitan contrastar estas hipóteses.

En referencia ao casco urbano de Rianxo, as primeiras referencias históricas do asentamento actual de Rianxo veñen da man do Almirante Paio Gómez Charriño que recibe en feudo a xurisdición de Rianxo, converténdose no primeiro señor de Rianxo de mans do propio arcebispo de Compostela. Naceu arredor de 1225 en Pontevedra e fina en 1295 en Cidade Rodrigo, como consecuencia dunha traizón. Algúns investigadores consideran que o primeiro solar onde se asentou o Señor de Ri-




Fig.1. A Coruña - Rianxo.




Fig.1. Rianxo - Sta. Comba

anxo foi o Pazo Martelo; nembargantes, o que se pode asegurar e que o Pazo de Martelo era unha pequena torre dos Soutomaioir situada no centro da vila, e que estivo en pé a principios do século XVII, pasando por distintos episodios históricos e arquitectónicos que darán o resultado final que hoxe se coñece.

Outro dos elementos do que se ten constancia documental é a igrexa parroquial de Sta Comba de Rianxo. Presenta un trazado gótico<sup>1</sup> con reminiscencias románicas, o que determina segundo os estudos aos que tivemos acceso e que se presentan na bibliografía, debeu de construírse entre os séculos XIII e XIV. Namentres que non será ata o século seguinte cando existe documentación histórica ao respecto a raíz dunhas reformas acaecidas no edificio, polo tanto, anterior a esta data. Hipótese que se sostén si temos en conta que o rexurdimento urbano sucede a partires do s. XII no litoral atlántico. O templo sofre numerosas reformas, así por exemplo a sancristía no século XVI sendo crego D. Juan Seco. A torre-campanario de estilo barroco é obra do aparelador Miguel Barreiro e comezouse a construír no ano 1737.

Nas inmediacións da igrexa parroquial está a Casa-Pazo dos Cambeiros, que posiblemente foi fundada en 1657-59, e que hoxe se atopa en proceso de reforma.

A trama urbana de Rianxo pivota sobre dous elementos: a igrexa e o borde litoral. Fronte

á igrexa ábrese unha gran área ou praza pública rodeada dalgúns dos inmobles de maior avoengo, zona na que recentemente se rexistrou unha ocupación antiga; conforme nos afastamos das inmediacións da igrexa cara ó oeste, as vivendas redúcense en tamaño. Cara ó norte da Igrexa, a trama urbana argállase en base a tres rúas principais, rúa de Abaixo, do Medio e de Arriba. Nestas rúas as casas caracterízanse a modo xeral por ter fachadas de reducidas dimensións, mentres que a fondura da vivenda soe ser maior para gañar habitabilidade. Dende un punto de vista do urbanismo podemos dicir que presenta unhas peculiaridades moi semellantes ó urbanismo medieval, caracterizado pola ausencia de planificación edilicia, con tendencia á irregularidade nos alineamentos e nas construcións, determinado en gran medida pola concentración das poboacións con escasas directrices, se nun patrón organizativo claro, cunha importante falla de acción reguladora, cunha predominancia dun casarío bastante precario, con vivendas sinxelas de planta baixa e primeiro andar, de reducidas dimensións e pouco iluminadas, construídas con materiais pobres como a madeira e a cachotería.

Nos últimos anos sucedéronse un conxunto de intervencións arqueolóxicas no casco antigo de Rianxo, das cales, polo menos unha delas, executada na rúa de Arriba, concretamente no inmovible núm. 23 (*CD 102 A 2008/739-0*), a pesar de que non se identificaron ocupacións antigas, posiblemente desmanteladas por actuacións construtivas posteriores, identificouse un exíguo conxunto de materiais que testemuñan na

<sup>1</sup> COMOXO, X.; SANTOS, X. (1997): <<A heráldica nas terras de Rianxo: brasóns e linaxes>>, ed. Deputación da Coruña.





a cimentación da futura edificación. A execución comeza polo extremo NW.

No extremo NW da parcela localízase a antiga “cañeira” (vertedoiro de lixo) dun dos antigos inmobles, cunha secuencia estratigráfica formada por unha capa irregular de escombros relacionados coa demolición do antigo inmobile e as obras actuais, seguido dun concheiro (depósito formado a base de aportes de cunhas de moluscos –ostra, mexillón, bígaro, ameixa, vieira,...) restos de osos e cultura material de adscrición recente (finais XIX-XX), así como abundantes restos de material de construción.

Coa apertura da gabia de cimentación da fachada, concretamente a que se corresponde coa metade sur, e coa apertura do oco do ascensor, localízanse un conxunto de estruturas e depósitos de interese arqueolóxico, que posteriormente, e trala visita dos SSTT do Dpto. Territorial da Coruña, procédese a definir e delimitar as estruturas e depósitos, así como a retirar de forma manual os sedimentos precisos para documentar e interpretar a secuencia cronocultural detectada neste intervención.


#### SECUENCIA CONSTRUTIVA E OCUPACIONAL DO XACEMENTO

Sobre un solo xeolóxicamente formado por un horizonte A superposto a un horizonte mineral, realízase nun primeiro momento unha gabia de cimentación (estrutura 28), sobre a cal

se asenta un muro de grandes dimensións –estrutura núm. 3-, da que se conserva ata cinco fiadas nalgún treito. Este muro que presenta unha dirección en sentido leste-oeste, e que presenta un grosor que supera os 50 cm. En relación co uso prístino deste muro constrúese a primeira superficie de uso ou pavimento (estrutura 26) a base de axila compactada, e é probable que previamente fixesen un aporte de material sedimentario para regularización e impermeabilización do chan que podería explicar a existencia do depósito *h1*. Este depósito contén tégula na súa composición; e tendo en consideración, que formando parte do recheo interno do muro descrito anteriormente, se localiza tégula cun rodamento considerable, podería estar indicando o desmantelamento de estruturas e/ou niveis ocupacionais anteriores.

Con posterioridade –segundo momento- déctase outro aporte de xabre (*g1*) sobre o cal se volve a crear unha nova superficie de uso ou pavimento (estrutura 25).

Nun terceiro momento, a primeira superficie de uso *h1* do muro (estrutura núm. 3) e máis a segunda (estrutura 25) son cortadas pola estrutura negativa 24 que estratigraficamente podería corresponderse coa inserción da tumba localizada no perfil norte feita a base de lousas e tégula (estrutura núm. 9, sepultura 1) e da estrutura negativa 16 (sepultura 5), que está delimitada por dous anacos de tégula, que



**Imaxe 4.** Secuencia estratigráfica e identificación de fases de ocupación do xacemento arqueolóxico. Perfil leste da fachada interior do inmobile.



**Imaxe 5.** Secuencia estratigráfica localizada no perfil leste da fachada interior do inmoble a partir do cal se estableceron as distintas fases de ocupación da parcela. No solo pódese observar as improntas das sepulturas 5 e 6.

podería ser un sepulcro de fosa aberta na terra (casos documentados nos xacementos da Lanzada, Cantodoxordo, O Pombal ou Recatelo); esta mesma explicación podería servir para xustificar a existencia da estrutura núm. 15 (sepultura 6) que se sitúa ao sur do muro.

A cuarta fase de ocupación ven representada polo selado das tumbas (sepultura 1 e 5) localizadas a carón do extremo norte do muro mediante o aporte de sedimento arxiloso (xabre), sobre o cal se detectan dúas novas superficies de uso ou pavimentos de forma inmediata (estrutura 22 e 23).

Nunha fase posterior, quinta, unha vez abandonada a gran estrutura edilicia, sucédense unha serie de enterramentos na zona sur (sepulturas 7 e 8); en primeiro lugar, constrúese a topograficamente inferior a base de lousas chantadas e con forma antropomorfa (sepultura 7), xa que se semella que o derrube provocado polo muro é retirado para realizar a sepultura; posteriormente, unha segunda tumba, coa realización dunha segunda fosa, onde se sepulta ao último cadáver que se teña constancia na zona intervida, e que os restos osteolóxicos se atopan baixo a medianeira da vivenda (sepultura 8).

A continuación –sexto momento- realizase un novo aporte de sedimento (xabre, d1) para volver construír unha nova superficie de uso (estrutura 21). A diferenza das anteriores onde podemos establecer unha cronoloxía serodia ou pertencente a Antigüidade que logo maticaremos máis adiante, neste caso localizouse

dous fragmentos de louza con reflexos en azul e morado, cerámica de Manises, polo tanto trátase de niveis baixomedievais e modernos (s. XIV-XVII), asemade estes depósitos xa cobren o muro (estrutura 3) que xa non está en uso.

Con posterioridade – sétima fase de ocupación – procédese a facer un aporte de sedimento mineral, c1, (xabre) sobre o cal se detecta un importante nivel de ocupación con restos de cultura material que se poden fixar entre finais do século XIX e gran parte do XX. Esta ocupación é a responsable do concheiro que se detecta tanto nesta zona do solar como a testemuñada no sector NNW como se recolleu con anterioridade. Forman parte deste sétimo momento o pavimento a base de morteiro de cemento, e as obras de instalación de saneamento e a fachada actual.

Polo tanto, o último e incluso o penúltimo momento de ocupación da parcela correspóndese coa dinámica histórica do actual inmoble, concibido como espacio residencial e abandonando a anterior función de espacio funerario, sendo posible que a construción da vivenda existente fose realizada en época moderna que sufriu unha serie de reformas e reorganizacións do espazo que deron lugar ao inmoble ou inmobles obxecto da rehabilitación actual.

Nembargantes, os cinco primeiros momentos de uso testemuñados durante a intervención neste sector sudeste se corresponden cronoloxicamente coa etapa máis serodia, sen po-



dermos precisar polo momento con gran exactitude, dado que a cultura material recuperada é exigua e non é o suficientemente diagnóstica, agás que permite determinar que o abandono da estrutura principal (UE003) puidera ter sido anterior ao século XI, dado que apareceu material arqueolóxico (p.e.PRD9-10/09-034) selando as tumbas 6, 7 e 8, que a súa vez, para a construción da estrutura 7 fora preciso desmontar parte do derrube do muro, UE003, e polo tanto as tumbas 7 e 8, con seguridade son posteriores a amortización do muro, e de cronoloxía anterior ao s. XI tendo en conta que os restos materiais recuperados puideran retrotraerse a esa época.

### DESCRIPCIÓN DAS SEPULTURAS

Foron identificadas un total de 8 sepulturas de tipoloxía variada:

**Sepultura 1.** Formado pola UE009. Non foi baleirada. Identificouse en perfil (perfil norte do oco do ascensor). Semella que está feita mediante lousas de xisto e *tégula* chantadas de maneira vertical. Acada un lonxitude mínima de 131 cm e acada un profundidade máxima de 36 cm. Atópase ao norte da estrutura edilicia e pegada á mesma. Presenta unha orientación L-W. Polas dimensións que presenta parece responder ao rito de inhumación.

**Sepultura 2.** Formado polas UE's 010, 064, 090, 092. Superposta a sepultura 1, e polo tanto localizada ao norte da estrutura edilicia (estrutura 3). En planta presenta unha forma rectangular de 40 x 102 cm. Profundidade máxima de 12 cm. Está orientada leste – oes-

te. Como leito da sepultura atópanse varias lousas planas de xisto orientadas en sentido N-S. Formando parte do depósito localizouse dous anacos de carbón de considerable tamaño. Presenta un reborde de argamasa, posiblemente feito a base de cal, area e arxila. E estaba selada cun pavimento de arxila (estrutura 12).

No seu interior foron recuperados 4 elementos osteolóxicos, que foron tratados con medios químicos antes da súa extracción para garantir a súa integridade, xa que o seu estado de conservación non era bo. Os restos osteolóxicos conservados<sup>2</sup> correspóndense cunha mandíbula inferior, e con dous osos longos (un úmero, cúbito ou radio). Localizáronse no extremo leste do sepulcro, e non presentaban conexión anatómica, o que inicialmente nos levou a interpretaralo como un posible cinceiro ou osario, resultado da acumulación de restos de unha ou varias deposicións secundarias (rito de inhumación); interpretación derivada da ausencia de conexión anatómica, e da carencia doutros elementos osteolóxicos máis resistentes (p.e. dentición).

Nembargantes, si temos en conta que o corpo, após da morte, pasa por varios procesos de descomposición seguidos de reaccións químicas moi particulares (CRUBÉZY, 2000, p. 28); iniciándose o proceso cunha primeira fase de putrefacción, seguida de produción de diferentes gases que causarán a degradación de todos os tecidos brandos.

<sup>2</sup> Da exhumación destes restos osteolóxicos encargouse a empresa de restauración BIC.



**Imaxe 6.** Localización sepultura 1 en perfil norte xerado polo oco do ascensor.



**Imaxe 7.** Lousas de xisto que forman parte da sepultura 2 cuberta polo pavimento (estrutura 12).

Os gases provocan que o corpo inche, esto pode provocar por exemplo o deslocalización de unha man que estaba sobre o abdome en caso de que esta non estivese fixa. Despois segue unha fase de descomposición en que se verifica, entre outros, a retracción dos músculos que poden mudar ao membros de posición. A degradación e a desaparición dos músculos e os cartilaxes liberan aos osos que acabarán por caer se non hai terra para aseguralos. Desta forma, brazos que estivesen colocados en cima do peito poden caer para os lados ou escorregar cara o baleiro. Tal como a cabeza co paso do tempo caerá para un dos lados e cuxo maxilar abrirase. Estes movementos son máis importantes cando non hai ningún material que bloquee a estes membros ou cando non é colocada a terra directamente por encima do corpo (CUNHA, 2008, 74-ss).

Finalmente, e trala exhumación e a análise en detalle dos datos, descartouse a posibilidade de que fose o resultado da acumulación de restos (cinzeiro), ao considerarmos que non se trata de problemas de conservación diferencial; senón que existiu unha redución previa dos cadáveres, mediante unha incineración imperfecta ou cremación, para posteriormente recibir sepultura o *ossilegium* no *ossuraria* (tumba). As escasas dimensións que presenta a tumba parece reforzar esta hipótese, dado que restos osteolóxicos exhumados parecen corresponderse cun individuo adulto, polo tanto sería preciso unha sepultura de maiores dimensións para unha inhumación *sensu*

*stricto*<sup>3</sup>. A inexistencia de ósos queimados (*ossilegia*) pode ser debido a que os restos foron sometidos a un lavado con auga o viño, práctica detectada noutros lugares do da península durante época romana (GONZÁLEZ VILLAESCUSA, 2000: 87); así mesmo, tamén se teñen documentadas noutras zonas peninsulares, como por exemplo en S. Vicente de Roquetas (País Valenciano), sepulturas revestidas de cal (GONZÁLEZ VILLAESCUSA, 2000: 100), ou mesmo no caso do noroeste e de cronoloxía posterior, o caso excepcional da fosa revestida de morteiro no caso de Ouvigo (CAAMAÑO, 2007: 224). A localización de carbóns de grandes dimensións pode ser outro argumento a favor, aínda que tamén poderían tratarse dos restos dunha ofrenda (feita con materiais perecedoiros).

**Sepultura 3.** Formado polas UE's 013 e 074. Localizada ao carón da estrutura edilicia, pero ao norte da mesma, e próxima á sepultura 2. Para a execución desta sepultura foi preciso cortar o pavimento que sela a sepultura 2 (estrutura 12), polo tanto, é cronoloxicamente posterior. En planta presenta unha forma trapezoidal irregular, cuxos lados maiores miden 41 e 32 cm respectivamente. En planta apreciase unha diferenciación interna, superpoñéndose outra forma irregular que se aproxima a un cadrado con vértices redondeados (lado de 18 cm aprox.). Descoñecemos a pro-

<sup>3</sup> A non ser que esta fose soamente enterrados parte dos membros dun individuo debido a causas accidentais que provocasen o desmembramento do individuo perimorten. Pero é pouco probable se temos en conta a recuperación dos grandes carbóns dentro da tumba.



Imaxe 8. Delimitación sepultura 2 vista en planta.



Imaxe 9. Delimitación sepultura 3 vista en planta.



fundidade e sección en perfil, tampouco o seu contido, dado que non foi escavada. Aparentemente estaba cuberta de pequenos cascotes e fragmentos de tégula (aínda que é posible que fose parte do derrube do muro – estrutura 3-). Debaxo deste depósito de pedra, localizouse un depósito de argamasa de idénticas características que o revestimento da sepultura 2, formado por cal, arxila e area. Respondería ao rito de incineración.

**Sepultura 4.** Formado polas UE's 076 e 018. Localizada anexa polo W á sepultura 2, e posiblemente coetánea da mesma. Presenta unha forma irregular con tendencia globular imperfecta (eixo maior 45 cm). Semella ter os bordes da fosa revestidos de arxila amarelenta, e no interior conter cinzas (sedimento cun altísimo contido orgánico). Descoñecemos a profundidade e sección en perfil, tampouco todo o seu contido, dado que non foi escavada, só delimitada en planta. O peche da sepulturas podería estar composto por dúas lousas de granito. Respondería ao rito de incineración.

**Sepultura 5.** Situada en paralelo á estrutura edilicia (estrutura 3), a 20 cm cara o norte da mesma. Está orientada leste-oeste; foi escavada na terra (*fossae* en terra) e non ten revestimento nas paredes. Presenta forma rectangular, cunhas dimensións de 35 cm de ancho e un longo mínimo de 89 cm, e unha profundidade mínima de 34 cm. Non foi escavada integramente, só delimitada parcialmente en planta, polo tanto descoñecemos a súa lonxitude total, sección e perfil, así como o contido íntegro da

mesma. Está formada polo corte estratigráfico UE016 e polo depósito UE072 (equiparable a UE082 – depósito descrito en *perfil leste fachada interior inmóble*) que contén gran cantidade de materia orgánica. Responde a un rito de inhumación.

Delimitando a sepultura, a ambos lados, localizáronse dous anacos de tégulas dispostas de maneira vertical que permitiu definir con maior exactitude os límites da fosa, dado que esta foi executada sobre un nivel orgánico, *humus*, e o contido da sepultura tamén presenta un alto contido orgánico, provocou unha mitemización de ámbolos depósitos.

O sistema de cubrición ou peche da tumba parece ser un depósito de arxila, que asemade se empregou para regularizar a superficie, e colocar un novo pavimento.

Estratigraficamente parece estar en relación coa sepultura 1.

**Sepultura 6.** Situada polo sur da estrutura edilicia (estrutura 3). Está orientada leste – oeste; foi escavada na terra (*fossae* en terra) e non ten revestimento nas paredes. Presenta forma rectangular, cunhas dimensións de 38 cm de ancho e un longo mínimo de 142 cm. Igual que no caso anterior, non foi escavada integramente, só delimitada parcialmente en planta, polo tanto descoñecemos profundidade, sección e perfil. Está formado polo depósito de sedimento UE055 (caracterizado polo alto contido orgánico) e pola estrutura UE015 e 024 (gabia). Presenta unha orientación leste – oeste. Non se localizou evidencias de sistema



**Imaxe 10.** Delimitación sepultura 4 vista en planta.



**Imaxe 11.** Delimitación sepultura 5 vista en planta (límites sinalados cos anacos de tégula).



de peche da sepultura fóra da cuberta de terra. Responde ao rito de inhumación<sup>4</sup>.

Como se pode observar en ámbalas estruturas tipo *fossae* (sepulturas 5 e 6) as dimensións son cativas, caracterizadas pola súa estreitez, aínda así comparándoo con outros paralelos como o caso de Silveirona (CUNHA, 2008: 55) non é algo anómalo, senón unha característica propia. Outro exemplo tomado de GONZÁLEZ VILLAESCUSA, *El mundo funerario romano en el País Valenciano: monumentos funerarios y sepulturas entre los siglos I a. de C.- VII d. de C.*, recolle a modo de síntese que este tipo de sepulturas presentan un forma rectangular, trapezoidal ou pseudoantropomorfa, e cunhas dimensións medias de 174/176 cm de lonxitude, 42/41 cm de anchura e 33/27 cm de profundidade (GONZÁLEZ, 2000: 103). Pero ademais, hai que sinalar que o feito de estar escavadas no humus, terra vexetal, puido provocar modificacións na planta da tumba aberta, ao descompoñerse os restos cadavéricos; ou incluso si contaron con algún tipo de estrutura de madeira a modo de ataúde ou semellante, ao desaparecer, debido á presión, puido minguar o oco e posterior derrube dos noiros como se ten documentado noutras necrópoles (MOREDA, 2009: 57).

**Sepultura 7.** Formado polas UE's 005 e 093. Situada ao sur da estrutura edilicia (estrutura

<sup>4</sup> Descártase que se poida tratar da gabia de cimentación do muro (estrutura 3) ao non se corresponder coa detectada na oco do ascensor, e ao semellarse nas características á fosa da sepultura 5.



**Imaxe 12.** Delimitación sepultura 6 vista en planta.

3), a uns 45 cm do lenzo exterior. Esta sepultura foi seccionada durante as obras de construción do oco do ascensor, o que a súa vez permitiu identificala no perfil, dado que se atopa por debaixo da cota de obra. Conservouse a metade aproximadamente, e nela recuperáronse os restos osteolóxicos mellor conservados<sup>5</sup>, formado por parte das extremidades inferiores (2 fémures, 2 tibias e 2 peronés, ...). Estaba orientada leste – oeste, coas extremidades inferiores cara Oriente, e en posición estendida de cúbito supino ou de cúbito dorsal, postura que evoca repouso, coas pernas estendidas e os brazos cruzados sobre o ventre ou sobre o pubes. Responde a un rito de inhumación. Durante a intervención localizáronse evidencias efémeras de restos de varias falanxes que foi imposible recuperar polo estado de conservación que presentaban.

Durante a exhumación non foron recuperados cravos nin grampas, polo que se descarta<sup>6</sup> o emprego de cadaleito; asemade, tampouco foi recuperado ningún alfinete, fibula ou botóns que puidesen indicar a existencia dun sudario (coa cautela precisa, xa que non se baleirou a tumba).

<sup>5</sup> Exhumados grazas a colaboración da antropóloga Olalla López Costas.

<sup>6</sup> A ausencia cravos ou tacholas que cumprían a función de unir as táboas que formaban o contedor de madeira, tipo capulus (ataude) ou sandapila onde repousaría o cadáver, podería explicarse excepcionalmente, pero constatado arqueoloxicamente noutras zonas da península, co baleirado dun tronco de árbore ou o ensamblado de madeira mediante o sistema de cola de milano non deixando evidencias.



**Imaxe 13.** Delimitación de restos sepultura 7 vista en planta.

A sepultura foi executada sobre o horizonte A, en planta ten unha forma pseudoantropomorfa, a altura dos pés forma unha parábola; consta de varias lousas de granito (5) chantadas a modo de parede. Ten un ancho máximo de 55 cm (exterior) e conserva 85 cm de longo. O chan da sepultura estaba formada a base de area de praia. Estaba cuberta con lousas de pedra (3), unha delas unha catilus dun muíño circular fragmentado, conservando aproximadamente á metade. A parte inferior da mesma, a que se atopaba en contacto cos restos óseos, concretamente na parte máis externa, conserva restos de feluxe, que nun contexto tardorromano poderíase explicar como consecuencia de ritos purificatorios postdeposicionais<sup>7</sup> (libacións, queima de ofrendas, ...), como poderían ser as festas denicales, que eran celebracións funerarias nas que se visitaban as tumbas, facíanse sacrificios e depositábanse nas tumbas a través de conductos, como podería ser o noso caso a traveso do oco do eixo do muíño. Celebrábanse en diversas datas, como por exemplo no aniversario da morte do defunto, nos *idus*, nas *kalendaras* e *nonas* (GONZÁLEZ VILLAESCUSA, 2000: 83, 428).

Este tipo de sepulturas que adoitan presentar formas trapezoidais irregulares, feitas a base de soportes laterais de lousas, e abandonando a forma rectangular perfecta do período romano, soen difundirse en época tardía (GONZÁLEZ VILLAESCUSA, 2000: 100).

<sup>7</sup>Vid. GONZÁLEZ VILLAESCUSA, 2000: 83.



**Imaxes 14.** Delimitación restos sepultura 7 e 8.

**Sepultura 8.** Formado polas UE's 006 e 060. Situada ao sur da estrutura edilicia (estrutura 3), a uns 90 cm do lenzo exterior. Presenta unha orientación leste – oeste. A maior parte desta estrutura está baixo a medianeira do inmovible colindante. Só foi recuperado un pequeno conxunto de restos osteolóxicos en moi mal estado de conservación (úmero e/ou fémur).

Desde un punto de vista tipolóxico semella responder ao mesmo patrón construtivo que o caso anterior (sepultura 7), formada por unhas lousas chantadas de maneira vertical delimitando o espazo para depositar o cadáver, e cuberta con lousas de granito (3); pero a diferenza do anterior os restos osteolóxicos estaban amalgamados con terra. Responde a un rito de inhumación.

Esta sepultura está asentada enriba da sepultura 7, e polo tanto, posterior a esta. Segundo a información obtida, esta é a sepultura máis recente de todas as detectadas durante a intervención.

Cabe facer unha relación cronoestratigráfica da orde de construción / amortización das tumbas; así as primeiras en executarse son a 1, 5 e 6, sen poder establecer a relación correlacións entre elas; posteriormente realízase a tumba 2, logo a 3 e 4 (ou viceversa), para executarse logo a 7, e finalmente a 8.

A modo de conclusión podemos dicir que foron localizadas 8 sepulturas que responden a 4 tipoloxías distintas: *fossae* en terra (2), soportes laterais e cuberta en lousas de granito (2), cistas (2), estrutura rectangular con reborde en



**Imaxes 15.** Vista en perfil sepultura 8.



TÁBOA RESUMO					
SEPULTURA	TIPO	FORMA	CUBRICIÓN	SOLO	RITO
Sepultura 1	Lousa e tégula	?	?	?	Inhumación
Sepultura 2	Argamasa	Rectangular	Arxila –pavimento?	Lousas	Incineración
Sepultura 3	Cista	Trapezoidal irregular	Cascotes e frag. tégula	?	Incineración
Sepultura 4	Cista	Globular	Arxila	?	Incineración
Sepultura 5	Fossae en terra	Rectangular	Arxila	?	Inhumación
Sepultura 6	Fossae en terra	Rectangular	Terra	?	Inhumación
Sepultura 7	Soportes laterais en lousa	Pseudo-antropomorfa?	Lousas de granito	?	Inhumación
Sepultura 8	Soportes laterais en lousa	Pseudo-antropomorfa?	Lousas de granito	Area	Inhumación

argamasa (1), lousa e tégula (1). Cinco das sepulturas responden ao rito de inhumación e presentan a mesma orientación, leste-oeste. En xeral, son sepulturas pobres na súa construción, aproveitando nalgún caso material romano (p.e. tégula, muíño,...); para as inhumacións non se aprecian restos de posibles estruturas sepulcrais feitas en materiais perecedoiros como os *capuli* ou *sandapilae*, coa localización de cravos, o que podería estar indicando que os cadáveres foron envoltos nun sudario. Tampouco presentan sinais superficiais que aseguren a súa identificación a modo de lápidas ou semellantes. Asemade, ningunha das tumbas presenta enxoval, característica esta xeneralizada dende época baixoimperial (284-395 d.C.), e principalmente para os enterramentos cristiáns.

A variedade tipolóxica e a superposición dalgunhas das tumbas poden estar indicando que se trata dunha necrópole de longa duración, hipótese que viría avalada pola existencia de tumbas de inhumación e incineración (cremación), e a reutilización de materiais de construción podería estar indicando unha operación de limpeza previa, de purificación do espazo propicio para os enterramentos cristiáns (CUNHA, 2008:78); xa que ademais, moitos dos depósitos, que forman parte da necrópole, caracterízanse pola gran cantidade de carbóns que conteñen, que poderían ter a súa explicación nun proceso de queima de ofrendas para librarse de impurezas. Paralelamente, fágase

notar que formando parte da construción edilicia, estrutura 3, atópase gran cantidade de anacos de tégula a modo de recheo interior, que poderían estar re-aproveitadas froito do demantelamento de construcións máis antigas.

Outro dos argumentos a ter en conta a hora de establecer que se trata dunha necrópole de longa duración, é a localización de varios pavimentos de arxila superpostos uns a outros, e intercalados nalgún caso coas tumbas, que nos indica un uso intensivo e unha longa amortización deste espazo.

Como acabamos de ver, as sepulturas parecen nun espazo relativamente pequeno, concentradas, e con certa orde ou organización (orientadas L-W, paralelas unhas a outras), superpoñéndose unhas sobre outras; vertebradas arredor dun importante elemento arquitectónico como é a estrutura 3. Un muro cunhas dimensións considerables, acadando un ancho superior aos 60 cm, cunha fábrica moi coidada, que delimita cara o norte un espazo interno; pon de relevo a existencia dunha importante construción, que asemade atrae gran cantidade de sepulturas ao seu carón, chegando incluso a superpoñerse. Construción que debeu ter un intenso trasfego e longa pervivencia, a tenor da sucesións de pavimento coa que conta. Polo tanto, un espazo, unha construción cunha significación importante ou especial, como o demostra as súas características arquitectónicas e a concentración de sepulturas ao seu redor,

o que podería estar indicando a existencia dun santuario ou mausoleo (ou simple basílica). Algo significativo ao respecto, é que parece existir un intento de depositar ós cadáveres nunha zona moi determinada, en contacto uns cos outros; eso si, sen alterar os depósitos cadavéricos anteriores, e xerando unha excesiva masificación nesta zona en concreto, en vez de empregar outras zonas que presupoñemos non ocupadas do entorno.

## CRONOLOXÍA E CONTEXTO HISTÓRICO XERAL

A localización de 8 tumbas, tres delas responden ao rito de incineración e as cinco restantes ao rito de inhumación, e todas elas, a priori, sen enxoval e ordenadas arredor dunha construción e paralelas unhas as outras cunha orientación leste – oeste (inhumación) parece estar indicando a alternancia de rituais ao longo dun período relativamente amplo, e en ningunha delas se localizou enxoval. A ausencia de enxoval pode explicarse por cuestións simbólicas, como acontece no mundo cristián; ou ben por cuestións socioeconómicas, en caso de tratarse dunha clase social caracterizada pola pobreza extrema (reaproveitamento de materiais de construción antigos –tégulas e ímbrices-, ausencia de elementos de mortalla (restrinxido quizais a elementos perecedoiros como alimentos, incenso, flores, roupa, ...). No mundo romano se detecta o cambio das lucernas polo cirios (feluxe no interior co *catillus*?) que apenas deixan evidencias do seu uso.

Segundo a información da que se dispón para a realidade galega, semella que o cambio de ritual funerario de incineración a inhumación acaece a finais do s. II d.C. (CAAMAÑO, 2007:76-77); nembargantes, a simultaneidade de rituais é habitual ao longo de todo o período romano e posiblemente en datas máis tardías<sup>8</sup>. Aínda así, é habitual que as inhumacións romanas vaian acompañadas dun enxoval a modo de ofrendas, a diferenza do que sucede cos primeiros enterramentos cristiáns que se caracterizan pola súa ausencia.

A mediados do século III d. C. pódense fixar as orixes do cristianismo en Galicia (CAAMAÑO, 2007:55), a pesar de que non será ata o ano 313 d.C. co Edicto de Milán, cando se oficializa a tolerancia do Cristianismo, e pos-

teriormente no ano 380, co Edicto de Tesalónica, cando se torna a relixión do Estado. No século IV, existe constancia documental a través dos concilios episcopais e dos restos arqueolóxicos, como acontece co sartego da igrexa de Termes, Carballedo – Lugo pertencente á época constantiniana, datado entre o ano 320-330 d.C. Asemade, continuará a coexistir durante varios séculos o rito pagán co cristianismo (DÍAZ e TORRES, 2000, p. 237, CUNHA 90), a incineración e a inhumación. Non existe unha espiritualidade homoxénea.

Dende unha perspectiva arquitectónica, as sepulturas de inhumación de época romana presentan unha forma rectangular, que posteriormente tornaranse cada vez máis paralelepípetas e antropomorfas nas necrópoles paleocristiáns, como podería ser o caso das sepulturas 7 e 8.

Tendo en conta o exposto, e atendendo ao noso rexistro arqueolóxico onde contamos con varias sepulturas de incineración, outras tumbas de inhumación que están feitas con materiais construtivos romanos reaproveitados (desmantelamento de estruturas anteriores), entre outras consideracións; podemos establecer unha cronoloxía ampla atendendo aos paralelismos doutras necrópoles da nosa orbe, establecendo unha orixe arredor do s. II d.C. e un abandono anterior ao séculos centrais da Idade Media (s. X-XII), posiblemente nos século VI-VII d.C., convencionalmente o que consideramos Antigüidade e Tardoantigüidade ou período xermánico<sup>8</sup>.

Existen referencias publicadas que podemos considerar como paralelismos, como o caso de Guisande no que foron localizadas sepulturas austeras, sen enxoval, que responden a un ritual de inhumación, cunha orientación L-W, feitas con tégula e ímbrice, para as cales se estableceu unha ampla cronoloxía entre o s. IV e o VII (CAAMAÑO, 2007: 71).

<sup>8</sup> Debemos indicar, a este respecto, que, na actualidade, dubídase de que a incineración fose realmente contraria ao dogma cristián, aínda que Carlomagno o prohibise no período 775-790, baixo pena de morte. Así Agustín Azcárate, considera que a Igrexa nunca condenou oficialmente a incineración acompañada de enxovais e depósitos funerarios, posto que a significación deste non era pagán, senón nada máis que social (dende Bernárdez Vilar, O Comezo da nosa Idade Media, pp. 68).



Para o noroeste podemos fixar como data significativa o século II d.C., momento no que a incineración comeza a ser substituída pola inhumación.<sup>10</sup> No s. IV a inhumación predomina no mundo romano, aínda que ámbolos dous ritos poden sobrevivir coetaneamente nunha mesma necrópole. As tumbas de incineración, menos abundantes en Galicia, caracterízanse por ser enterramentos en fosa ou cista, feitas con laxes de lousa ou tégula e que conteñen no seu interior unha urna cineraria que garda as cinzas do defunto. As tumbas cubríanse con fragmentos de tellas e laxes de lousa e non son frecuentes os sistemas de protección dos restos incinerados, agás nalgún caso que se fai mediante tellas dispostas de forma triangular, trapezoidal ou rectangular.

A modo de epílogo cabe sinalar a excepcionalidade do estado de conservación dos restos dos individuos enterrados e a ausencia de elementos de sinalización das tumbas (p.e. lápidas, estelas, ...). Tamén cabe volver referirse a natureza da intervención arqueolóxica centrada nun control e seguimento das obras, que non afectaron a todo o subsolo nin a toda a parcela. A propia natureza da intervención non permite unha documentación ampla, exhaustiva e detallada; a pesar de recoller o máximo de información posible, existen moitos baleiros, máis preguntas que repostas e máis conxecturas do desexable. Unido elo, a propia complexidade do xacemento, caracterizado por remexidos provocados por enterramentos sucesivos que remexen o subsolo provocando alteracións estratigráficas e destrución / alteración dos contextos máis antigos.

Os materiais arqueolóxicos exhumados e estudados, non permiten aclarar grandes cuestións; sería preciso realizar análises máis especializados (p.e. radiométricos) que permitan incrementar a información dispoñible e confirmar ou desmentir algunhas das hipóteses esgrimidas. De seguro que novas intervencións arqueolóxicas no entorno aportarán máis información ao respecto, como puidera sen os límites e organización da necrópolis e as áreas residencias ou habitacionais desta poboación.

#### BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA CITADA:

BERNÁNDEZ VILAR, X. (2003): <<O comezo da nosa Idade Media. A Galicia que se emancipou de Roma>>. Ed. Toxosoutos. Noia.

CAAMAÑO GESTO, J. M. (2007): <<A Galicia romana>>. En *La Gran Historia de Galicia*. Tomo III, Vol. II. Economía, Sociedade, Relixión e Ate. O Mundo Suevo. Ed. Arrecife Edicións Galegas. A Coruña.

(1978): <<Prisciliano de Avila: Ocultismo y poderes carismáticos en la Iglesia Primitiva>>, ed. Espasa-Calve, Madrid.

COMOXO, X.; SANTOS, X. (1997): <<A heráldica nas terras de Rianxo: brasóns e li-naxes>>, ed. Deputación da Coruña.

CUNHA, Mélanie (2008): <<As necrópoles de Silveirona (Santo Estêvao, Estremoz). Do munfo funerario romano á Antiguidade Tardia>>, en Suplemento 4 de *O Arqueólogo Portugués*. Museo Nacional de Arqueologia. Lisboa.

CRUBÉZY, E. (2000): <<L'étude des sépultures, ou du monde des morts au monde des vivants>>. En FERDIÈRE, A. (dir.): *Archéologie funéraire*. Éditions Errance. Paris

DÍAZ, P. C.; TORRES, J. M. (2000): <<Perficiencias paganas en el cristianismo hispano (siglos IV-VII)>>. En SANTOS, J.; TEJA, R. (eds): *El Cristianismo. Aspectos históricos de su origen y difusión en Hispania*. Actas del symposium de Vitoria-Gasteiz, Nov. 1996. Vitoria – Gasteiz: Universidad del País Vasco, pp: 235-262.

GONZÁLEZ VILLAESCUSA, R. (2001): <<El mundo funerario romano en el País Valenciano: monumentos funerarios y sepulturas entre los siglos I a. de C.- VII d. de C.>>, Ed. Madrid: Casa de Velázquez; Alicante: Instituto Alicantino de Cultura “Juan Gil-Albert”.

MOREDA BLANCO, J.; SERRANO NORIEGA, R. (2009): <<La necrópolis judía del Paseo de la Acera de Recoletos (Valladolid)>>, ed. Consejería de Cultura y Turismo, Junta de Castilla y León, Col. Memorias núm. 18, *Arqueología en Castilla y León*. Valladolid.